

Un mundo a 20

Xulio Ríos (ECO, maio/2009)

¿As bases dunha nova orde económica e financeira mundial? A reunión do G20 en Londres foi todo un éxito, a xulgar pola información transmitida polos medios de comunicación, sensibles ante a necesidade de trasladar mensaxes de esperanza a unha cidadanía desconcertada e dubidosamente convencida da operatividade final dos acordos acadados. Non obstante, poucos cuestionarán que o cumio de Londres simbolizou a fin do ultraliberalismo e o inicio dunha política baseada no multilateralismo e o diálogo internacional, outorgando un papel crecente ás economías emerxentes. A consignación de milleiros de millóns de dólares para diferentes programas situaron o FMI como gran gañador da xornada, sen que as teses de europeos (máis regulamentación), estadounidenses (máis medidas de relanzamento) ou chineses e rusos (cuestionamento da preeminencia do dólar) trunfasen de todo. Así, a ferverza de dólares para impulsar o crecemento mundial complementouse coa volta de políticas reguladoras básicas e a atención virada para os fondos especulativos e os paraísos fiscais (cun papel acrecentado para a OCDE). O Consello de Estabilidade Financeira vixiará agora os actores deste sector para evitar que asuman riscos excesivos.



Poucos cuestionarán que o cumio de Londres simbolizou a fin do ultraliberalismo e o inicio dunha política baseada no multilateralismo e o diálogo internacional, outorgando un papel crecente ás economías emerxentes.

Nin China nin Rusia obtiveron avances en relación ao dólar. Obama deixou en claro que non quere nin falar do asunto e o FMI, moi diplomaticamente, non desbotou o debate de cara ao futuro. Pero este tema, central na orde financeira se pretenden que esta sexa realmente nova, xa non é tabú e dará que falar. Pequín si obtivo o compromiso dunha mellora na representación dos países en vías de desenvolvemento nas dirixencias do FMI e do Banco Mundial: os dereitos de voto (10%) serán transferidos en favor dos países do sur antes de 2011, adiantándose tres anos á data inicial prevista, abrindo a posibilidade de presidencias que non sexan nin europeas nin estadounidenses e con procedementos de elección máis transparentes e democráticos. Non menos sorprendente foi a revalidación do compromiso cos Obxectivos do Milenio (reducir á metade a pobreza no mundo en 2015 e dobrar os fondos destinados á África sahariana), se ben deberase agardar a materialización das cifras tantas veces prometidas e as súas condicións. De entrada, unha parte do stock de ouro do FMI venderase para financiar a axuda aos países en vías de desenvolvemento.

Todo o acordado semella “esencial” nos tempos que corren e o risco de verse desfasados polas circunstancias segue presente, habida conta que ninguén sabe a ciencia certa cal é a dimensión da crise. Paradoxalmente, pese á súa gravidade, case ninguén se atreve a pedir responsabilidades aos principais desorganizadores da economía mundial, cuxos excesos, cometidos en total impunidade grazas ao control do dólar, están na base da actual deriva. O mesmo cuestionamento cabe facerse en relación ao FMI, cuxa escasa credibilidade devén da súa responsabilidade na conformación e xestión dun sistema económico en fase crítica por mor do estímulo de políticas de curto prazo e ao servizo dos países máis desenvolvidos. De aquí ao próximo cumio, que será en novembro en Nova York, o propio ritmo da crise determinará a medida da aplicación dos acordos e a intensidade das respectivas ambicións.

Xulio Ríos, director do Igadi.